

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

A presenza da materia de Historia da Filosofía, cursada en 2º de Bacharelato, no marco xeral das probas para o acceso á Universidade ten de realizarse cun modelo de exame acorde cos obxectivos xerais do bacharelato e os específicos de dita materia (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, BOE do 3 de xaneiro de 2015; Decreto 86/2015, de 25 de xuño, DOG do 29 de xuño de 2015). Por outra banda, as novidades lexislativas introducidas a finais de decembro do ano 2016 e comezos do ano 2017 (Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, BOE do 23 de decembro de 2016; Resolución da Consellería de Educación que adapta dita Orde á nosa Comunidade Autónoma), obrigan a modificar o modelo de exame vixente en cursos anteriores.

O Grupo de Traballo de Historia da Filosofía resolveu unha solución de compromiso que mantivese no posible a estrutura do exame de convocatorias precedentes (tres cuestións; presenza dun fragmento; distribución dos contidos en opción A e B) e, ao mesmo tempo, respectase as novas esixencias (fundamentalmente dúas: en cada opción deben figurar os diferentes bloques da materia, co que xa non é posible centrar o exercicio nun só autor; a proba debe incluír preguntas abertas e semiabertas, sendo estas últimas de resposta unívoca e da máxima brevidade).

De todo iso resulta un exame estruturado en tres partes:

1. Estándar dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento a comentar (obviamente, referido a dito estándar).
2. Estándar dun dos dous bloques históricos restantes.
3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao bloque histórico restante (propoñeranse dous conceptos para determinar o filósofo relacionado con cada un deles e pedirase o título de dúas obras dun autor/es determinado/s).

Enténdese que hai catro bloques na materia: 1 de contidos transversais e 3 de contidos histórico-filosóficos (filosofía antigo-medieval; filosofía moderna; filosofía

contemporánea). A primeira parte do exercicio abrangue o bloque de contidos transversais (comentario de texto) e un dos tres bloques históricos; os outros dous remiten á segunda e terceira partes.